

## Programación Docente de Formación laboral e normativa

### Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

#### 1. Identificación e contextualización

##### DISCIPLINA Formación Laboral e normativa

ESPECIALIDADE	COMPOSICIÓN - INTERPRETACIÓN - MUSICOLOXÍA - PEDAGOXÍA							ITINERARIO	TODOS	
CARÁCTER	OBRIGATORIO							TIPO DE CLASES	COLECTIVA	
DEPARTAMENTO	CORDA FRETADA							XEFE/A DO DEPARTAMENTO	ALVATO QUINTANILLA MARFUL	
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	JUAN CARLOS VILLAR DEL SAZ PARDO
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	19
ETCS/ CUADRIMESTRE							1		Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	JUAN CARLOS VILLAR DEL SAZ PARDO				forlan@csmvigo.com				Martes e Mércores de 8:30 a 9:00	

#### 2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Coñecemento das normas e procedementos que rexen o ámbito profesional da música. Desenvolvemento da capacidade para a autopromoción e a inserción laboral, das habilidades para a adaptación profesional en contextos cambiantes e das actitudes para a formación continuada e o perfeccionamento ao longo da vida Profesional
COÑECEMENTOS PREVIOS	Non se requiren..
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Non está directamente relacionada con outras materias, aínda que mantén unha relación moi especial con tódolos itinerarios do centro, como cauce para informar e dar a coñecer as diferentes saídas profesionais dos alumnos/as titulados do Conservatorio.
TRANSVERSAIS	T2, T4, T6, T7, T8, T9, T10, T11, T12, T15
XERAIS	X19, X24, X27
ESPECÍFICAS	Composición: EC 11 / Interpretación: EI 10 / Musicoloxía: EM 7 / Pedagogía: EP 7

#### 3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer a normativa xeral e procedementos que rexen na actividade dos profesionais da música.	TODAS
Coñecer o marco legal das institucións musicais, públicas e privadas.	TODAS
Desenvolver a capacidade para a autopromoción profesional e a inserción laboral.	TODAS
Desenrolar as habilidades para a adaptación profesional en contextos cambiantes.	TODAS
Desenvolver a actitude para a formación continuada e o perfeccionamento ao longo da vida profesional.	TODAS

#### 4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Introducción de forma xeral á lexislación e relacións laborais.	A Constitución de 1978, o Estatuto de Autonomía de Galicia. O Dereito laboral e as relacións laborais - As fontes do Dereito do traballo. - Dereito laboral, principios de aplicación. - Dereitos e deberes.	3
Contrato de Traballo, Xeralidades.	Contratos, tipos e características. - Condicións, xornada de traballo, salarios, permisos. - O sistema da Seguridade Social. Modificación, suspensión e extinción da relación laboral.	2
Aspectos básicos da Seguridade e Saúde no Traballo.	O Traballo e a saúde. - Prevención de riscos laborais. - Condicións do traballo e factores de risco. - Marco legal básico da prevención dos riscos laborais.	2
A Administración, Institucións Musicais. Itinerarios Profesionais da Música. A industria da Música	Administración dixital, o sistema "Clave", a chave 365. Institucións públicas e privadas relacionadas coa música profesional. - Marco legal das institucións musicais. - Os Conservatorios de Música. Planificación Profesional. - Procesos de búsqueda activa de emprego. - O curriculum vitae, carta de presentación. Modelos de instancias, probas, oposicións. test, entrevistas... Xeralidades. - Marco xurídico, financiación. - Roles na Industria musical, recursos.	9
Traballadores profesionais da música.	Definición de artista - Condicións de traballo, aspectos xerais. - Condicións de Seguridade Social dos artistas en espectáculos públicos: Os Profesionais da música.	2
Actividades na aula virtual do CSMVigo.	Realización de dous exercicios relacionados có material tratado nas clases presenciais.	1
Total de sesións por cuadrimestre		<b>19</b>

## 5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Pescuda de información. Ampliación dos datos facilitados nas clases e relacionados có punto 4. CONTIDOS desta guía.	----	4	4
Diálogo-debate en cada clase: Unha parte da clase (10" aproximadamente) adicarámola a debater algunhas cuestións puntuais que aparezan en cada unha das sesións e que merezan este tratamento. Para potenciar a participación do alumnado.	----	----	----
Presentación nas sesións de tódolos temas enunciados nos contidos (punto catro). Co apoio da aula virtual.	18	----	18
Actividades - Exercicios na Aula Virtual do Conservatorio Superior de Música de Vigo, da plataforma MOODLE,	<b>1º Exercicio: Traballo escrito:</b> O alumno/a elixirá un tema directamente relacionado có punto 4 Contidos desta guía. Presentará un guión durante as tres primeiras semanas do cuadrimestre para a súa aprobación polo profesor. (có tema elixido, máis os puntos a desenvolver no traballo). O traballo terá unha <b>extensión mínima de 10 páxinas</b> (a portada, o índice, a bibliografía e os gráficos non computan – <i>aínda que son elementos de obrigada incardinación no traballo</i> ). Tipo de letra Times New Roman tamaño 12, interlineado a 1,5. Marxes superior e inferior 2,5 cm./ esquerdo e dereito 3 cm. <b>Párrafos xustificadros (Obrigatorio).</b> As datas de entrega límite do traballo para o <b>1º cuadrimestre: 20 decembro</b> . E para o <b>2º cuadrimestre 3 maio</b> (Na Plataforma Moodle)		
	<b>2º Exercicio: Proba test:</b> Este exercicio levarase a cabo de forma presencial na aula de informática do Conservatorio. Na última semana de clase do cuadrimestre. Son 20 preguntas, a 0,5 puntos por resposta acertada, e os erros penalizan en 0,25 puntos. As repostas en branco non computan. (posibilidade de utilizar a retroalimentación).		
Total de horas por cuadrimestre			<b>30</b>

## 6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>ORDINARIA</b>			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
<b>Asistencia a clase</b>	Participación nas actividades de aula.	TODAS	<b>20 %</b>
<b>Traballo Escrito</b>	Valorarase a presentación, o contido desenrolado, a claridade na exposición do traballo.	TODAS	<b>40 %</b>
<b>Proba Test</b>	Responder as respostas correctas.	TODAS	<b>40 %</b>
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporan a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado.			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Dicembro-)			
<b>Asistencia a clase</b>	Participación nas actividades de aula.	TODAS	<b>20 %</b>
<b>Traballo Escrito</b>	Valorarase a presentación, o contido desenrolado, a claridade na exposición do traballo.	TODAS	<b>40 %</b>
<b>Proba Test</b>	Responder as respostas correctas.	TODAS	<b>40 %</b>
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
<b>Traballo Escrito</b>	Valorarase a presentación, o contido desenrolado, a claridade na exposición do traballo.	TODAS	<b>40 %</b>
<b>Proba Test (Presencial /*Virtual)</b>	Responder as respostas correctas.	TODAS	<b>60 %</b>
<b>EXTRAORDINARIA</b>			
Exame escrito ( <b>Presencial</b> )	Parte a: Exame Test	TODAS	<b>50 %</b>
	Parte b: Exame de 5 preguntas (2 puntos por pregunta)	TODAS	<b>50 %</b>

## ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

## 7. Alumnado con necesidades educativas especiais.

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

## 8. Bibliografía, materiais e documentos.

Constitución Española. Boletín Oficial del Estado. Diario Oficial de Galicia. Portal educativo da Xunta de Galicia - <http://www.edu.xunta.gal/portal/>, González. Sánchez, José. Juan - Condiciones de traballo y S. S. de los profesionales de la música - SGAE guía legal y financiera de la Música en España BERNAL - Organización de los Centros Educativos LOMCE

## 9. Observacións.

\*Virtual (Para os nosos alumnos Erasmus) poderán solicitar realizar o Test de forma online, nunha fiestra de tempo especialmente habilitada para eles polo profesor/a, na plataforma Moodle, no Aula Virtual de CSMVigo (e na última semana do cuadrimestre correspondente).